



MEMORIA DE
ACTIVIDADES
2021

PRESENTACIÓN

O ano 2021, do mesmo xeito que o anterior 2020, estivo marcado polos efectos e repercusións da Covid-19. A pandemia, con efectos e intensidades diferentes ao longo do ano, esixiu das autoridades e responsables públicos a adopción de diferentes medidas que marcaron o noso día a día afectando a todos os ámbitos da actividade humana. Nese contexto complexo e en múltiples ocasións, desalentador, todos tivemos que adaptarnos a unha nova realidade vital, impensable hai apenas dous anos. O Consello Económico e Social de Galicia non foi unha excepción a esta realidade sendo esta memoria un fiel reflexo da nosa capacidade de adaptación.

É de xustiza recoñecer nesta presentación o traballo e dedicación de todo o persoal do CES, para adaptar a nosa estrutura e traballo á nova realidade socio sanitaria. Felicitación e agradecemento que quero facer extensivo á totalidade das organizacións presentes no Consello, así como a todos os membros, tanto da Comisión Permanente como do Pleno.

No presente documento pódese constatar que, despois do impacto inicial da pandemia en 2020, o CES foi capaz de incrementar a súa presenza na sociedade e o número de actividades en relación ao 2019, último ano de normalidade.

A actividade non se limitou á emisión de ditames preceptivos, a confección de informes por propia iniciativa ou a aprobación da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia, senón que propiciamos a celebración de xornadas, así como a participación do CES en diferentes actividades e iniciativas tanto en Galicia, como fóra da comunidade Autónoma.

En definitiva, pretendemos que o ano 2021 sexa o inicio dun período no que o CES incremente a súa presenza na sociedade galega, así como as súas achegas co obxectivo de ser útiles á sociedade á que nos debemos, así como cumprir fielmente o noso mandato legal como ente consultivo da Xunta de Galicia e foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a propia Xunta de Galicia.

Agustín Hernández Fernández de Rojas

PRESIDENTE

1. O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA	pax.
1.1.COMPOSICIÓN	4
1.2.NATUREZA E FINALIDADE.....	7
1.3. FUNCÍONS.....	7
1.4. ORZAMENTO.....	8
2.- ACTIVIDADE DO CES GALICIA NO 2021.	
2.1. DOCUMENTOS APROBADOS: MEMORIA, INFORMES, DITAMES.....	9
2.2. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN.....	15
2.3. COMPARECENCIAS E MANIFIESTOS.....	30
2.4. PRESENCIA INSTITUCIONAL.....	31
2.5. VISUALIZACIÓN CANLE YOUTUBE.....	35
2.6. REUNIONS DOS ORGANOS COLEXIADOS.....	36
2.7. PRESTAMO DE SALAS PARA ACTIVIDADES DOUTROS ORGANISMOS...	42
2.8. O CES NA PRENSA.....	43

1.- O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

1.1. COMPOSICIÓN

O Consello Económico e Social está formado por 38 membros: tres grupos de 12 membros, máis o Presidente/a e o Secretario/a Xeral.

- **Grupo 1:** Os seus doce membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, catro membros corresponden á Confederación Intersindical Galega, catro membros a UGT–Galicia e catro membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.
- **Grupo 2:** corresponde as **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus doce membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.
- **Grupo 3:** Acolle diversas **entidades e asociacións cidadáns, culturais e socioeconómicas** máis representativas da realidade económica e social de Galicia. O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, dous membros de Unións Agrarias e dous do Sindicato Labrego Galego); dous membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas confrarías de pescadores (un de marisqueo e un de baixura); dous membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; tres representantes das Universidades galegas e un representante da economía social designado polo Consello Galego de Economía Social.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser substituídos pola súa organización en calquera momento. O substituto permanecerá no cargo ata o final do período previsto para o seu antecesor.

COMPOSICIÓN DO PLENO

A composición do plenario é variable, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstancias diversas. Os membros do Pleno e das distintas comisións de traballo a 31 de decembro de 2021 (titulares e suplentes) eran os seguintes:

PLENO**Presidente:** Agustín Hernández Fernández de Rojas**Secretario Xeral:** Manuel Martínez Varela**Membros titulares****Grupo 1.- Organizacións sindicais***CIG (Confederación Intersindical Galega):*

- Miguel Malvido Cabirto
- Susana Méndez Rodríguez
- Héctor López de Castro
- Natividade López Gromaz

CC.OO. de Galicia:

- Carlos Pardo Pardo
- Xesús Castro Baamonde
- Maica Bouza Seoane
- Juan Martínez García

-UGT Galicia:

- José Carlos Rodríguez del Río
- Delia Irene Martínez Conde
- Javier Carreiro Vázquez
- Mar Martín González

Grupo 2.- Organizacións empresariais*CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):*

- Jesús A. Méndez Álvarez-Cedrón
- Antonio Fontenla Ramil
- José María Corujo Seguido
- David Martínez Alonso
- José Manuel Maceira Blanco
- J. Ignacio López-Bachiller Fernández
- Javier Martínez López
- Francisco Couso Santos
- Marisol Novoa Rodríguez
- Jorge Cebreiros Arce
- Jaime Luis López Vázquez
- Diego Vázquez Reino

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:*Universidade de Vigo:*

- José María Martín Moreno

Universidade da Coruña:

- Angel S. Fernández Castro

Universidade de Santiago de Compostela:

- Edelmiro López Iglesias

Sindicato Labrego Galego:

- Ramón Barreiro Carnota
- Marieta Pastoriza Martínez

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Miguel López Crespo
- Rosa Celia Otero Raña

Unións Agrarias de Galicia:

- Alba Torreira Puga
- Pedro González Boquete

Federación de confrarías:

- José Antonio Pérez Sieira
- Manuel Daniel Formoso Moledo

Consello Galego de Economía social:

- Mar Pernas Márquez

Membros suplentes**Grupo 1.- Organizacións sindicais:***CIG (Confederación Intersindical Galega):*

- Anxo Noceda Carballo
- Lucía Freire Ces
- Xavier Rodríguez Fidalgo
- Margarida Corral Sánchez

CC.OO. de Galicia:

- Silvia Parga Rodríguez
- Omar Ceveira Vázquez
- Alejandro Rodríguez Pazos
- Roi Fernández Rodríguez

UGT Galicia:

- José Luís Fernández Celis
- Olga Crespo Sánchez
- Mar Alfonsín Madrigal
- Trinidad Campos Rodríguez

Grupo 2.- Organizacións empresariais:*CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):*

- Lourdes Pardo Domínguez
- Guadalupe Hervera Iglesias
- Verónica Val Vázquez
- Marina Graña Bermúdez
- Laura Otero Rúa
- Marta Amate López
- María Botana Rocamonde
- Rosa María Sánchez Gándara
- Mª del Mar Barreiros Mariño
- Cristina Rama Molinos
- José Antonio Neira Cortés
- Ana Belén Vázquez Eibes

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:*Universidade de Vigo:*

- Jorge Falagán Mota

Universidade da Coruña:

- Anxo Calvo Silveira

Universidade de Santiago de Compostela:

- Melchor Fernández Fernández

Sindicato Labrego Galego:

- Ana Eiras Regueira
- Xosé Pérez Rei

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Mª Rocío Arnoso Moure
- Josefa Monteagudo Romero

Unións Agrarias de Galicia:

- Cristina Pedreira González
- Jacobo Feijóo Lamas

Federación de Confrarías:

- José Manuel Rosas Otero
- José Basilio Otero Rodríguez

Consello Galego de Economía Social:

- Esther Blanco Araújo

COMPOSICION DA COMISIÓN PERMANENTE

GRUPO PRIMEIRO

CIG: Miguel Malvido Cabirto
UGT: José Carlos Rodríguez del Río
CCOO: Xesús Castro Baamonde

GRUPO SEGUNDO

CEG: Marta Amate López
 José Antonio Neira Cortés
 José Manuel Maceira Blanco

GRUPO TERCEIRO

UUAA: Jacobo Feijóo Lamas
CGCU: Miguel López Crespo
USC: Edelmiro López Iglesias

COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS SECTORIAIS

CS-1: Economía, emprego e sectores produtivos

CIG: Miguel Malvido Cabirto
UGT: José Carlos Rodríguez del Río
CC OO: Maica Bouza Seoane
CEG: José Antonio Neira Cortés
 Ana Belén Vázquez Eibes
 José Manuel Maceira Blanco
SLG: Marieta Pastoriza Martínez
Confrarías: José Antonio Pérez Sieira
CG Consumo: Miguel López Crespo

CS-2: Sector público e benestar social

CIG: Susana Méndez Rodríguez
UGT: Delia Irene Martínez Conde
CC OO: Carlos Pardo Pardo
CEG: José Antonio Neira Cortés
 Ana Belén Vázquez Eibes
 José Manuel Maceira Blanco
SLG: Ramón Barreiro Carnota
CG Economía Social: Mar Pernas Márquez
Univ. Coruña: Ángel S. Fernández Castro

CS-3: Desenvolvemento rexional

CIG: Héctor López de Castro
UGT: Javier Carreio Vázquez
CC OO: Xesús Castro Baamonde
CEG: José Antonio Neira Cortés
 Ana Belén Vázquez Eibes
 José Manuel Maceira Blanco
UU AA: Pedro González Boquete
Confrarías: Manuel D. Formoso Moledo
USC: Edelmiro López Iglesias

CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia

CIG: Natividade López Gromaz
UGT: Mar Martín González
CC OO: Juan Martínez García
CEG: José Antonio Neira
 Cortés Ana Belén Vázquez Eibes
 José Manuel Maceira Blanco
UU AA: Alba Torreira Puga
CG.Consumo: Rosa Celia Otero Raña
Univ. Vigo: José María Martín Moreno

1.2.NATUREZA E FINALIDADE

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas (economía, tributación, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo). É un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferenza do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades autónomas, non figura ningún representante do Goberno.

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia. Configúrase como un foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da comunidade autónoma (que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte do Executivo autonómico).

A labor do CES aplícase non só á actividade normativa gobernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñen propostas dirixidas a unha eventual introdución de reformas nas políticas públicas aplicadas nos diferentes sectores de actividade.

1.3. FUNCÍONS

As funcións do Consello Económico e Social de Galicia, reguladas no artigo 5 da súa Lei de Creación, son:


- 1- Emisión de ditames preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.
- 2- O Consello tamén elabora informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta de Galicia, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma.
- 3- A participación en mesas sectoriais xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.
- 4- Elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha memoria sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluír opinións e recomendacións sobre as políticas gobernamentais.

1.4. ORZAMENTO

O orzamento do Consello Económico e Social de Galicia para 2021 ascendeu a 1.000.158 euros, cun incremento de 0,72 % respecto ao ano anterior.

Máis concretamente, no capítulo I, gastos de persoal, contou con 660.497 euros e no capítulo II, gastos de bens correntes e servizos, acada os 185.415 euros e para os IV e VI, 153.246 e 1.000 euros respectivamente.

Evolución do orzamento do CES: 2013-21



Fonte: elaboración propia

2.- ACTIVIDADE DO CES GALICIA NO 2021

Como sempre, a información mais polo miúdo pode atoparse na web do CES, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo (no apartado de Publicacións ou poden tamén procurarse a través do buscador <https://www.ces-galicia.org/publicacions>).

2.1. DOCUMENTOS APROBADOS: MEMORIA, INFORMES, DITAMES.

MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

A Comisión sectorial nº 4, cuxa presidencia, neste ano, correspondeu á Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), foi a encargada de elaborala. A proposta de Memoria, elaborada pola dita comisión sectorial, foi tramitada pola Comisión Permanente deste organismo na súa sesión 10/21, do 14 de xullo e de acordo coa normativa, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobouna por unanimidade, na súa sesión 5/21, do 22 de xullo. Na mesma recóllense as recomendacións ou orientacións sobre a política orzamentaria da Comunidade Autónoma.




A Memoria 2020, como as anteriores, pode consultarse na web do CES: <https://www.ces-galicia.org/memoriasocioeconomica>

INFORME 1/21: O SISTEMA DE COIDADOS DE LONGA DURACIÓN EN GALICIA DESDE A PERSPECTIVA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E DE CREACIÓN DE EMPREGO.

Froito do convenio de colaboración ca Universidade da Coruña, os profesores Raquel Martínez Buján e Paolo Rungo elaboraron o informe que foi tramitado pola Comisión sectorial 2 do Consello e aprobado polo Pleno o 19 de febreiro.

O documento está estruturado en cinco capítulos nos que se caracteriza o panorama dos coidados de longa duración en Galicia. A súa finalidade é puramente descritiva e de diagnose no sentido de que presenta a evolución deste sistema na última década e os cambios sociais e demográficos aos cales tenta responder. Remata cas conclusións sobre a realidade actual dos coidadores e as perspectivas para os vindeiros anos.



O informe pode consultarse no seguinte enlace: <https://www.ces-galicia.org/publicacions/informes/informe-sobre-sistema-cuidados-longa-duraci%C3%B3n-en-galicia-desde-perspectiva>

Asemade, o vídeo resumo do informe pode visualizarse no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=XorBFec9nCA>

INFORME 2/21: A EMPREGABILIDADE DA MOCIDADE EN GALICIA

Froito da colaboración entre o CES e a USC, responde ao obxectivo común de ofrecer un diagnóstico rigoroso do problema da empregabilidade da mocidade e o paro xuvenil en Galicia e das políticas desenvolvidas nas etapas mais recentes coa finalidade de formular novas propostas de actuación a un problema agravado dende a recesión de 2008 e aínda máis ca crise motivada pola Covid-19.



Foi aprobado polo Pleno na sesión 3/21 do 27/05/2021 e logo presentado na sede do Consello en Santiago o 9/06/2021 ca presenza do equipo redactor encabezado polo profesor da USC Alberto Meixide, a directora xeral de Emprego da Xunta de Galicia, Covadonga Toca, a presidenta de turno da comisión responsable do traballo, Maica Bouza de CCOO e o secretario xeral do CES Manuel Martínez.



Na primeira parte, faise unha diagnose pormenorizada da situación actual e da traxectoria mostrada polo mercado laboral dos novos ao longo do período que vai da crise do 2008 a mais recente provocada polo Covid-19.


A segunda parte, centrase na inserción laboral, cun análise detallado dos principais grupos por nivel de estudio: Titulados universitarios (Grado e Máster) e Graduados en ensinanzas de Formación profesional (Básica, Media e Superior).

O seguinte bloque aborda o papel do sector público e as políticas de emprego xuvenil.

O último apartado resume e establece as principais conclusión do traballo.

O informe pode consultarse no seguinte enlace: <https://www.ces-galicia.org/publicacions/informes/informe-sobre-emprego-xuvenil>

DITAME 1/21: ANTEPROXECTO DE LEI RECOÑECEMENTO DA UNIVERSIDADE PRIVADA “UNIVERSIDADE INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA”.



Con data 28 de decembro de 2020 tivo entrada Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia remitindo para o seu preceptivo ditame o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada “Universidade Intercontinental de la Empresa” con sede en Galicia.

A Comisión Sectorial 1- *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente na materia acordou aprobar a proposta de ditame para a súa posterior tramitación e aprobación polo Pleno na súa sesión 2/21 do 19 de febreiro.

O ditame pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-reco%C3%B1ecemento-universidade-privada-%E2%80%9Cuniversidad-intercontinental-de-la-empresa-%E2%80%9C>

DITAME 2/21: ANTEPROXECTO DE LEI REGULADORA DOS XOGOS DE GALICIA

En data 9 de xuño de 2021 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, por trámite de urxencia o Anteproxecto de Lei reguladora de xogos de Galicia.

O texto foi remitido , en data de 10 de xuño, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial 1, Economía, emprego e sectores produtivos que acordou aprobar a proposta de ditame na súa sesión 10/21 do 30 de xuño.

O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 4/21, do 14 de xullo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o ditame.

O ditame pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-reguladora-dos-xogos-galicia>

2.2 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN

Xunto coa a súa actividade interna, o CES desenvolve tamén actividades de tipo externo como colaboracións con outros organismos, participación en organizacións de ámbito tanto comunitario como europeo, nun intento de proxectar á sociedade os pareceres, as opinións, as inquedanzas sociais e económicas das organizacións, entidades e asociacións representadas no seu seo.

As actividades neste campo, levadas a cabo no 2021, seguindo orde cronolóxica son as seguintes:

- **REDE TRANSNACIONAL ATLÁNTICA-RTA: 28 de xaneiro, 2 y 4 de febreiro, 24 y 31 de marzo e 24 y 27 de maio**

O CES Galicia, xunto co resto dos Consello membros da RTA sigue a traballar no debate institucional sobre a rede transeuropea de transportes (RTE-T). Os Consellos de España xa elaboraron, en novembro de 2020, un documento conxunto sobre as súas prioridades para o corredor atlántico, con consenso dos participantes, que serve de punto de partida para continuar afondando no estudo da situación e as preferencias para o futuro.

Neste intre, o CES Galicia recibiu por parte da RTA, para a súa validación, o novo documento "**Cara unha revisión da RTE-T para o Espazo Atlántico**", respecto o que se mantiveron varias reunións de traballo, na última das cales se aprobou o documento cas aportacións para a nova versión da estratexia europea de transporte para a fachada atlántica, que está a ser desenvolvida pola institución comunitaria.



- **CORREDOR ATLANTICO: 10 de febreiro**

Xuntanza entre CES, Xunta, Eixo Atlántico e Fegamp co fin de poñer en común unha estratexia conxunta sobre o desenvolvemento do corredor atlántico en Galicia. O presidente do CES, o secretario xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias, o director xeral de Mobilidade da Xunta e o secretario do Eixo Atlántico buscan establecer unha vía de traballo conxunta para potenciar e desenvolver o corredor atlántico e que este asunto sexa central na axenda de Galicia.

- **OUTROS CES: 30 de marzo**

Os presidentes dos Consellos Económicos e Sociais autonómicos e o CES España mantiveron unha xuntanza para analizar a posibilidade de elaborar un documento conxunto de propostas para a recuperación da actividade económica logo da covid-19. Neste primeiro encontro preparatorio, o CES de España acordou a remisión dun índice de temas co obxecto da súa análise e posible ampliación.


A proposta foi valorada positivamente pola totalidade dos asistentes, a expensas da análise e aprobación por parte das organizacións presentes nos diferentes Consellos.



- **COMITÉ DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA: 14 de abril**

O CES, como membro do Comité de seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia, participou na reunión deste organismo para valorar a última proposta de modificación do programa. A sesión celebrouse para que os membros coñeceran a valoraran a proposta de modificación das Autoridade de Xestión do PDR de Galicia 2014-2020 e que atende a dous motivos principais: por unha banda, á prórroga do PDR 2014-2020 para os anos 2021 e 2022 por parte das autoridades comunitarias, que establece axudas para o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) nos anos 2021 e 2022 e, por

outra banda, a incorporación dos fondos do Instrumento de Recuperación da Unión Europea (IRUE) para apoiar a recuperación trala crise da covid-19.



• **ACTO DE ENTREGA DOS GALARDÓNS DA VII EDICIÓN DO PREMIO “VALENTÍN PAZ ANDRADE” DE INVESTIGACION EN ECONOMÍA DE GALICIA: 20 de abril**

No marco da colaboración que se mantén coa Universidade de Santiago, e en concreto co IDEGA, a participación na convocatoria do VII Premio de Investigación en Economía de Galicia “Valentín Paz Andrade”, convocado co obxecto de recoñecer e premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns. Nesta convocatoria 2020 o xurado premiou unha investigación sobre o dobre papel de Galicia como núcleo e periferia na división global de actividades extractivas, así como unha análise do sector agrario e agroalimentario galego nas últimas décadas, foron os traballos recoñecidos *ex aequo* na modalidade dirixida a artigos científicos. No apartado destinado a teses de doutoramento, recoñeceuse un traballo sobre a moto-mecanización da agricultura en Galicia.



- **PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020: 26 de abril e 12 de maio**

A Comisión sectorial nº 3, *Desenvolvemento rexional*, do CES analizou a "Evaluación operativa por reprogramación do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020", logo da consulta do Comité de Seguimento do programa.

O Consello fixo unha valoración positiva da reprogramación dos fondos e reclamou unha execución axil dos novos recursos europeos.

Na súa condición de membro do Comité de Seguimento do programa operativo, o Consello fora requerido para expresar a súa opinión sobre a dita reprogramación, que ten en conta a contribución dos novos fondos REACT UE, centrados en reparacións dos efectos da crise a curto prazo.

Foi examinado tamen o informe de execución anual do 2020.



- **XORNADA “DIXITALIZACIÓN”: 5 de maio**

Expertos e axentes socioeconómicos estudaron aspectos como a conectividade, os dereitos dos usuarios, o teletraballo, o ensino a distancia ou as desigualdades de acceso á tecnoloxía nun encontro con formato mixto, relatórios presenciais na sede do CES e tamén en remoto.

O impacto que esta a ter a dixitalización no noso modo de vida tralo confinamento e a nova normalidade imposta pola covid-19, as oportunidades que supón e os retos que implica para o conxunto da sociedade foi o contido da xornada de análise que organiza o Consello Económico e Social de Galicia e que se celebrou o 5 de maio.

A xornada organizouse en tres bloques: o primeiro, dedicado á gobernanza dixital, falou de competencia, dereitos dos usuarios ou protección de datos, fiscalidade. Un segundo apartado centrouse na conectividade, as diferenzas entre as contornas rurais e urbanas e as oportunidades no ámbito laboral. E o terceiro bloque puxo o foco nas desigualdades e o seu impacto, tanto desde un punto de vista educativo como desde unha mirada social.

Para acadar unha visión completa e multidisciplinar, o CES contou coa colaboración de expertos de empresas, entidades e organizacións como Telefónica, a Axencia Española de Protección de Datos, a Asociación de Internautas, o sindicato de técnicos do Ministerio de Facenda, Amtega ou a Confederación de ANPAS galegas, ademais de representantes das organizacións sindicais, empresariais e outros membros do Consello.

Todas as intervencións poder seguirse no canle de YouTube:

<https://www.youtube.com/watch?v=3MLDAyq871c>



• **ESTRATEGIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE DE GALICIA (RIS3) 2021-2027: 25 de maio**

O CES tomou parte na reunión que mantiveron distintos departamentos sobre a Estrategia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3) 2021-2027, como parte do proceso participativo que definirá a estratexia nas vindeiras semanas.

Logo dunha breve presentación da RIS3 como Estratexia integral da Xunta en innovación, e o papel que esta ten para dar resposta ás demandas e necesidades da sociedade, os participantes tiveron ocasión de compartir un debate sobre a vinculación e posible encaixe de cada unha das consellerías, axencias e organismos na nova estratexia como elemento horizontal, transversal ao conxunto da Xunta.

A reunión rematou coa identificación de distintos novos axentes ou contactos para incorporar ao proceso participativo.

• PRESENTACIÓN MAPA FERROVIARIO DE GALICIA: 6 de xullo

O presidente do CES-Galicia, Agustín Fernández, participou na presentación aos axentes sociais do Mapa ferroviario de Galicia, un completo informe sobre a necesidade e estimacións orzamentarias desta infraestrutura elaborado polo Eixo Atlántico. A xuntanza reuniu aos máximos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia e os tres sindicatos maioritarios (CIG, CCOO e UGT) cos responsables do Eixo, que explicaron polo miúdo o contido do documento e reclamaron a máxima unidade social para acadar a mellora das conexións ferroviarias de Galicia.

**• CONFERENCIA SOBRE A TARIFA ELÉCTRICA EN ESPAÑA: 21 de xullo**

O Consello Económico e Social de Galicia organizou unha conferencia sobre “A tarifa eléctrica en España” a cargo do profesor Fidel Castro Rodríguez, profesor titular de Fundamentos da Análise Económica na Universidade de Vigo e membro da RGEA (Research Group in Economic Analysis, grupo de investigación de excelencia do sistema universitario de Galicia integrado na ECOBAS (Economics and Business Administration for Society).

O profesor fixo unha detallada presentación dun tema de plena actualidade e interés social que afecta a todo o sistema produtivo do noso país.

A conferencia pode visualizarse na nosa canle de youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=mYkUPAXI958>

• REDE TRANSNACIONAL ATLÁNTICA (RTA): 17 e 28 de setembro (Mérida)

Os CES españois que forman parte da Rede Transnacional Atlántica (RTA) mantiveron unha reunión do Comité de Orientacións da organización. Nese encontro, que se celebrou na cidade de Mérida o 28 de setembro, levouse a cabo a elección dunha nova directiva, presidencia e dúas vicepresidencias da Rede.

No marco da xuntanza do seu órgano de goberno, aprobouse o informe “Cara a unha revisión da TEN-T para o espazo atlántico”, documento que recolle as propostas e prioridades xerais desta organización para as futuras orientacións da Rede Transeuropea de Transportes (TEN- T). O documento traslada a posición dos CES españois e franceses do Arco Atlántico sobre a revisión do futuro sistema de transporte continental e busca posicionar á sociedade civil en relación coa necesidade de potenciar esas infraestruturas.

Coa presentación desta nota de posición previa á publicación pola Comisión Europea da súa proposta lexislativa, a RTA convida as institucións europeas, actores nacionais e rexionais, a tomar en conta as características específicas das rexións atlánticas da UE nas futuras negociacións para reforzar unha “TEN- T adaptada ao futuro”.

A apertura do acto contou coa presenza do presidente da Junta de Extremadura, Guillermo Fernández Vara, a presidenta do CES desta Comunidade, María Mercedes Vaquera Mosquero, que foi a anfitriona; do presidente do CES de España, Antón Costas Comesaña, do presidente da RTA, Patrick Caré, tamén presidente do CESER de Bretaña, por parte do CES-Galicia participaron o seu presidente, Agustín Hernández e o secretario xeral, Manuel Martínez.

O estudo, logo dunha introducción a cargo da responsable do grupo de traballo que coordinou o documento, Camille De Amorin (CESER-Nova Aquitania), foi presentado por los correlatores Enrique Cabero Moran, presidente do CES de Castela e León, e Jean-Luc Léger, presidente do CESER de Normandía.

Esta contribución destaca as prioridades xerais dos membros da RTA para as futuras orientacións da TEN- T.

Os membros da RTA tiveron ocasión de participar nun debate sobre a revisión da rede transeuropea de transportes e o corredor atlántico, logo de senllas intervencións ao respecto a cargo da secretaria executiva da Comisión Arco Atlántico da CRPM, Elise Wattrelot, que fixo unha presentación dos traballos en curso sobre a TEN-T e as accións das rexións atlánticas en proceso de revisión, e do director do Informe sobre o impacto socioeconómico do Corredor Atlántico en Europa, Germán Barrios García.

A última parte da xornada estivo adicada a informar aos membros dos distintos CES sobre a aposta por un cambio desde unha Estratexia Marítima Atlántica cara unha macro-rexión atlántica. Logo dunha introducción do presidente da RTA, Patrick Caré, foi o director xeral de Asuntos Europeos do goberno vasco, Mikel Antón Zarragoitia, en

representación da Comisión Arco Atlántico, o encargado de explicar as vantaxes que tería esa futura macro-rexión para as rexións do arco atlántico.



• **XORNADA CONMEMORATIVA DO 30º ANIVERSARIO DO CES ESPAÑA: Madrid 21 de setembro**

O presidente do CES-Galicia participou, xunto aos seus homólogos dos outros Consellos autonómicos e diversos invitados, na xornada de celebración do 30º aniversario da creación do Consello Económico e Social de España. Representantes institucionais e axentes económicos e sociais participaron nun acto presidido polo Rei Felipe VI, que salientou a importancia do organismo como "fogar de consenso e diálogo".

Celebrouse tamén unha reunión das presidentas e presidentes dos CES para o intercambio de experiencias sobre a actividade e o papel dos Consellos na sociedade.



O acto pode visualizarse no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=5tPRxPGdyp0>

• PLAN ESTRATÉGICO DA PAC 2023-2027: 21 de setembro

O Consello Económico e Social de Galicia asistiu a unha xornada virtual con outros interlocutores da sociedade civil como parte dos traballos de elaboración do Plan Estratégico da Política Agraria Común (PAC) 2023-2027, organizada polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. Estes traballos baséanse na transparencia dos procedementos e na participación efectiva dos estamentos interesados.

O obxectivo da xornada foi informar e facer partícipes ás entidades e asociacións interesadas dos traballos realizados ata o momento na principal plataforma de difusión da política agraria nacional.



• COMITÉ CONSULTIVO DE EXPERTOS EXTERNOS DA FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS DA USC: 30 de setembro

O Consello Económico e Social de Galicia, representado polo seu presidente, Agustín Hernández, participou na reunión do comité consultivo de expertos externos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela. No encontro participaron responsables de entidades e organizacións, axentes sociais e representantes do eido dos recursos humanos de empresas para dar a coñecer as súas opinións sobre o enfoque para un eventual rediseño das competencias transversais (tanto académicas como psicoprofesionais) que pode ofertar a Universidade ante as novas demandas das empresas. Entre os participantes dos axentes sociais, estiveron presentes tamén, a través da vía telemática, representantes de entidades que fan parte do CES, como a CIG, UGT, CCOO, a CEG ou a economía social.



• XORNADA DE ECONOMÍA SOCIAL: 18 de outubro

Máis dunha ducia de expertos, representantes empresariais, membros de entidades e asociacións, responsables políticos e axentes sociais participaron na xornada sobre economía social organizada polo Consello Económico e Social de Galicia. O organismo consultivo reuniu na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela a algúns dos máis salientables coñecedores deste modelo económico diferente, que aúna a eficiencia empresarial cos valores de solidariedade, responsabilidade e cohesión social, que é quen de xerar riqueza pero tamén de corrixir desigualdades e desequilibrios sociais.

A xornada abriuse con dúas conferencias sobre as economías que están a vir, especialmente na nova realidade que marca a pandemia. Na primeira, o presidente do Consejo Económico y Social de España, Antón Costas, respondeu á pregunta de qué economía necesitamos nun contexto de incremento das desigualdades. A continuación, foi o presidente da Confederación Empresarial Española da Economía Social (Cepes), Juan Antonio Pedreño, quen expuxo a visión da patronal do sector, un actor empresarial fundamental na transformación económica e social de España e Europa.

Un segundo bloque de intervencións baixo o epígrafe “Situación económica e social galega e visión de futuro” no que se expuxeron aspectos relativos á contribución da economía social en Galicia, o papel de apoio dos poderes públicos a este tipo de iniciativas, as posibles estratexias para a súa consolidación ou a participación das entidades deste sector a través do Consello de Economía social de Galicia. Entre outros ponentes, contou coa presenza da directora do Centro de Estudos Cooperativos, do presidente do Foro pola Economía social galega ou da directora xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

A xornada continuou cun bloque adicado ás entidades que fan parte deste sector, segundo a súa normativa reguladora. Cooperativas, confrarías, centros de inserción, centro especiais de emprego e sociedades laborais aportaron a súa visión do seu papel para acadar emprego de calidade, sostible, inclusivo e solidario, un dos obxectivos que anima a este sector económico e auxe.



Pode visualizarse na nosa canle de youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=NDIWFCpmkD4&t=3339s>

• II FORO DE ECONOMÍA PROSPECTIVA DE GALICIA: 21 de outubro

No marco do II Foro de Economía Prospectiva de Galicia, que se celebrou na Coruña, e logo da intervención inaugural da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra de Economía, Nadia Calviño, e da conferencia do economista e ex ministro de Administraciones Públicas Jordi Sevilla, o presidente do Consello Económico e Social de Galicia participou, xunto cos representantes sindicais (o secretario xeral da CIG, Paulo Carril; a secretaria de Emprego, Política Social e Políticas Públicas de Protección do CCOO, Maica Bouza; o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez), nunha mesa redonda (moderados polo periodista José Luis Gómez) sobre o futuro do emprego industrial na comunidade autónoma.

O encontro, organizado pola UIMP baixo a dirección do catedrático Fernando González Laxe, tratou de reflexionar sobre o presente para anticipar a configuración do futuro e concibir estratexias de actuación “para ver e pensar o mundo que virá”.



- **COMPARECENCIA NA COMISION DE ORZAMENTOS DO PARLAMENTO DE GALICIA: 3 de novembro.**

O presidente do CES-Galicia, Agustín Hernández, compareceu na comisión parlamentaria de Orzamentos para explicar os proxectos do organismo para o exercicio de 2022 e as contas previstas para levalos a cabo.

O presidente do CES, que estivo acompañado polo secretario xeral do organismo, Manuel Martínez, salientou que o incremento máis importante corresponde á partida destinada a elaboración de informes, que pasa dos 30.000€ no 2021 aos 75.000€ no 2022. Este aumento permitirá abordar novos traballos e estudos en colaboración coas universidades de Galicia.



- **COMITÉS DE SEGUIMIENTO DOS FONDOS EUROPEOS DE COHESIÓN 2021-2027: novembro 2021**

O Consello Económico e Social de Galicia participou, a través do seu gabinete técnico, nas reunións de programación dos programas operativos dos fondos europeos da política de cohesión do período 2021-2027, que se celebraron na sede do organismo. En concreto, sobre a programación do PO FEDER Galicia e do PO FSE+ para eses anos.

As convocatorias reuniron aos principais xestores do actual programa 2014-2020 así como aos axentes económicos e sociais que forman parte do Comité de Seguimento dos programas, como o propio CES.

As reunións serviron para explicar as principais novidades da Política de Cohesión 2021-2027 e para presentar os traballos para a programación dos PO tanto do FEDER Galicia 2021-2027 como do FSE+ Galicia 2021-2027.

- **XORNADA “O MEDIO RURAL, UNHA ALTERNATIVA DE FUTURO”: 26 de novembro.**

O CES organizou unha xornada na sede do organismo sobre o campo galego que, baixo o título “O medio rural, unha alternativa de futuro” e baixo a fórmula mixta, presencial e telemática, reuniu a expertos de diferentes eidos para facer unha completa análise das diferentes facianas que ten a vida agraria, a súa importancia para o desenvolvemento e a conservación do territorio ou os retos das novas realidades socioeconómicas.

Logo dunha intervención inicial a cargo da directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, as ponencias agrupáronse en tres bloques adicados aos sectores produtivos (en particular, ao leite, a carne, o viño e produción forestal), ao papel da muller no mundo rural e á importancia dos fondos europeos neste medio, os retos e as posibilidades.



A xornada pode visualizarse na nosa canle de youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=dhbuO-7Upp0>

- **REUNIÓN DOS CES ESPAÑOIS INTEGRADOS NA RTA: 8 de novembro e 10 de decembro.**

Responsables dos CES españois integrados na RTA (Andalucía, Castela e León, Extremadura, Galicia e País Vasco) mantuvieron unha reunión (a través de videoconferencia) para analizar o documento relativo á Estratexia Indicativa Ferroviaria (que se atopa en período de información pública por parte do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana), incluído no Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR).

Esta estratexia persigue fornecer o desenvolvemento, mantemento e renovación da infraestrutura ferroviaria, establecendo un marco financeiro e de prioridades para satisfacer as necesidades futuras de mobilidade e a sostenibilidade do sistema, así como a consecución dun espazo ferroviario único europeo. Para iso, preténdese

mobilizar 24.200 millóns de euros en investimentos entre 2021 e 2026 en consonancia coa Estratexia de Mobilidade Segura, Sostenible y Conectada 2030, que sitúa ao cidadán e ao usuario no centro de todo o sistema con especial atención á mobilidade cotiá.



• **XORNADA CONMEMORATIVA DO 30º ANIVERSARIO DO CES DE CASTELA-LEÓN-
MESA REDONDA: 14 de decembro**

